

CONSULTA PÚBLICA

O Concello de O Barco de Valdeorras ten a vontade de proceder á modificación parcial da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN, SITUADOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, ASÍ COMO INDUSTRIAS RUEIRAS E AMBULANTES. Neste sentido, e de conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acórdase a apertura dun período de consulta pública de 20 días hábiles, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, que levará a cabo a través da web municipal e a sede electrónica do Concello de O Barco de Valdeorras con relación aos puntos seguintes:

PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA:

Co obxectivo dunha Administración Pública eficiente, transparente e áxil, compre a adopción de medidas tendentes á simplificación e redución de cargas administrativas, resultando obrigada a tramitación electrónica dos expedientes, posibilitando o dereito e obriga a relacionarse por medios electrónicos impostos por la Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN:

As circunstancias arriba transcritas fan conveniente a adopción dunha regulación adecuada ao marco normativo vixente. A base xurídica da elaboración e aprobación, no seu caso, da ordenanza en cuestión, atopa o seu antecedente, en primeiro lugar, na autonomía municipal acuñada pola nosa Carta Magna no seu artigo 137 e pola Carta Europea de Autonomía Local, en relación coas colectividades previstas nos artigos 140 e 141 da nosa Constitución.

OBXECTIVOS DA NORMA:

A redacción desta regulación municipal busca simplificar e reducir trámites administrativos e facer posible a tramitación electrónica dos expedientes.

POSIBLES SOLUCIÓN ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS:

O Principio de Seguridade Xurídica, e a súa efectiva realización, fan conveniente a plasmación dos extremos arriba referidos nun instrumento normativo como as Ordenanzas.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20000BDC400M9O3L7B9R4M0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2018TES000000007
	ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 29/08/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 14:06:20	Fecha: 29/08/2018 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN:

ORDENANZA ACTUAL

Artigo 7º.- Normas de xestión.

1.- As cantidades que se esixan, de acordo coas tarifas do artigo anterior, liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado. Utilizarase o sistema de liquidación para o caso previsto no apartado 2 deste artigo e o de autoliquidación para os previsto no apartado 3, coa excepción de cobros periódicos anuais nos que se utilizará o sistema de cobro por sen prexuízo das liquidacións que procedan nos supostos de altas e baixas en padrón.

2.- Admítase a posibilidade de que, -mediante acordo do órgano municipal competente e conforme ao artigo 24 da Lei 39/88-, o importe da taxa veña determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión ou autorización de ocupación do dominio público.

Para estes supostos, formarase a correspondente Mesa de adxudicación, cuxa composición será análoga a establecida na Disposición adicional novena do RDL 2/2000.

O tipo de licitación, en concepto de taxa mínima, será o establecido no artigo 6º desta Ordenanza para cada un dos distintos epígrafes.

Con antelación á adxudicación, procederase á formación dun plano obxecto de licitación e sinalando a súa superficie.

Se algún concesionario utilizase maior superficie da que lle fose adxudicada, abonará, por cada metro cadrado utilizado de máis, o importe fixado na poxa e procederá o inicio do correspondente expediente de imposición de sancións por infracción tributaria. A estes efectos, o axente recadador remitirá, de forma inmediata, informe de tal situación á Oficina Tributaria municipal proponendo o inicio do expediente.

A autorización de ocupación non se concederá definitivamente ao interesado ata que non acredite o ingreso do importe de liquidación resultante do proceso de poxa.

Poderanse establecer convenios de colaboración con entidades financeiras e organizacións representativas dos suxeitos pasivos da taxa co fin de simplificar o cumprimento dos procesos de liquidación e recadación e das obrigacións formais e materiais do tributo.

3. No caso de aproveitamento por solicitude e autorización individual, sen proceso de licitación previo, serán os propios interesados quen solicite a licenza de ocupación e realicen a autoliquidación pertinente (podendo ser asistido neste labor polo funcionario

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20000BDC400M9O3L7B9R4M0 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 2018TES000000007
	ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 29/08/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 14:06:20	Fecha: 29/08/2018 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



correspondente). Na solicitude farán constar, mediante esquema ou plano, a superficie de aproveitamento, a situación do espazo para ocupar es os elementos para instalar.

Os servizos municipais comprobarán e investigarán a corrección e a adecuación á realidade das autoliquidacións e solicitudes presentadas. Se se observaren diferenzas ou anomalías poderán denegarse ou revogarse as autorizacións concedidas ou, na súa falta, virar as posibilidades de inicio de expediente sancionador.

No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar o reintegro do importe ingresado en concepto de débeda tributaria principal, sen prexuízo de ingreso das sancións que puidesen proceder.

4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública sen o pago da taxa e sen a correspondente autorización.

5. Os servizos municipais competentes comprobarán que os comerciantes instalados no dominio público municipal atópanse dados de alta no imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente.

6. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán cederse, traspasarse, ou subarrendarse a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da autorización, con independencia das contías que deban abonar os interesados.

7. Para un adecuado control da recadación, a Tesourería municipal entregará ao funcionario axente recadador un talonario numerado de autoliquidacións. O funcionario poderá asistir ao suxeito pasivo na súa confección e entregarlle o resguardo pertinente acreditativo do pago. Este documento, axustado ao modelo que indique a Tesourería, será o único válido para acreditar fehacientemente o pago da taxa, podéndose esixir o pago, denegarse a autorización, ordenar o cesamento da ocupación do dominio público e/ou impoñer as sancións que procedan a todo aquel suxeito pasivo que non o posúa ou posúa indebidamente dilixenciado. O axente recadador dará conta á Tesourería das autoliquidacións efectuadas e recadadas e devolverá os talóns de autoliquidación non utilizados.

As persoas interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta Ordenanza Fiscal, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, na que indicará a superficie para ocupar e o tempo de ocupación.

ORDENANZA PROPOSTA

Artigo 7º.- Normas de xestión.

1.-As cantidades que se esixan, de acordo coas tarifas do artigo anterior, liquidaranse por cada aproveitamento autorizado ou realizado. Utilizarase o sistema de liquidación para o caso previsto no apartado 2 deste artigo e o de autoliquidación para os previsto no apartado 3, coa excepción de cobros periódicos anuais nos que se utilizará o sistema

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20000BDC400M9O3L7B9R4M0 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 29/08/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 14:06:20</p>	<p>EXPEDIENTE :: 2018TES000000007 Fecha: 29/08/2018 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--



de cobro por sen prexuízo das liquidacións que procedan nos supostos de altas e baixas en padrón.

2. Admítese a posibilidade de que, -mediante acordo do órgano municipal competente e conforme ao artigo 24 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo-, o importe da taxa veña determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión ou autorización de ocupación do dominio público.

Para estes supostos, formarase a correspondente Mesa de adxudicación, cuxa composición será análoga a establecida na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O tipo de licitación, en concepto de taxa mínima, será o establecido no artigo 6º desta Ordenanza para cada un dos distintos epígrafes.

Con antelación á adxudicación, procederase á formación dun plano obxecto de licitación e sinalando a súa superficie.

Se algún concesionario utilizase maior superficie da que lle fose adxudicada, abonará, por cada metro cadrado utilizado de máis, o importe fixado na poxa e procederá o inicio do correspondente expediente de imposición de sancións por infracción tributaria. A estes efectos, o axente recadador remitirá, de forma inmediata, informe de tal situación á Oficina Tributaria municipal proponendo o inicio do expediente.

A autorización de ocupación non se concederá definitivamente ao interesado ata que non acredite o ingreso do importe de liquidación resultante do proceso de poxa.

Poderanse establecer convenios de colaboración con entidades financeiras e organizacións representativas dos suxeitos pasivos da taxa co fin de simplificar o cumprimento dos procesos de liquidación e recadación e das obrigacións formais e materiais do tributo.

3. No caso de aproveitamento por solicitude e autorización individual, sen proceso de licitación previo, serán os propios interesados quen solicite a licenza de ocupación e realicen a autoliquidación no momento de formular aquela. Na solicitude farán constar, mediante esquema ou plano, a superficie de aproveitamento, a situación do espazo para ocupar es os elementos para instalar.

Os servizos municipais comprobarán e investigarán a corrección e a adecuación á realidade das autoliquidacións e solicitudes presentadas. Se se observaren diferenzas ou anomalías poderán denegarse ou revogarse as autorizacións concedidas ou, na súa falta, virar as posibilidades de inicio de expediente sancionador.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20000BDC400M9O3L7B9R4M0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ -Alcalde/Presidente - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 14:06:20

EXPEDIENTE ::

2018TES000000007

Fecha: 29/08/2018

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar o reintegro do importe ingresado en concepto de débeda tributaria principal, sen prexuízo de ingreso das sancións que puidesen proceder.

4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública sen o pago da taxa e sen a correspondente autorización.

5. Os servizos municipais competentes comprobarán que os comerciantes instalados no dominio público municipal atópanse dados de alta no imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente.

6. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán cederse, traspasarse, ou subarrendarse a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da autorización, con independencia das contías que deban abonar os interesados.

7. As persoas interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta Ordenanza Fiscal, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, na que indicará a superficie para ocupar e o tempo de ocupación.

O Barco, a 29 de agosto de 2018.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE AO MARXE.

FIRMANTE - FECHA

ALFREDO LAUDELINO GARCIA RODRIGUEZ - Alcalde/Presidente - 29/08/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/08/2018 14:06:20

EXPEDIENTE ::
2018TES000000007

Fecha: 29/08/2018

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

